

PONENCIA FERROL 2011

1.- EU SON UN ARTISTA

Adap. Tema infantil

Eu son un artista e veño de París
sei cantar, sei bailar,
sei tocar unha saxofón(bis)
Eu son un artista e veño de París
sei cantar, sei bailar,
sei tocar unha gaita (bis)
Eu son un artista e veño de París
sei cantar, sei bailar,
sei tocar unha frauta (bis)
Eu son un artista e veño de París
sei cantar, sei bailar,
sei tocar outra frauta(bis)
Somos uns artistas e vimos de París
fixemos unha orquestra
e soamos así ...

2.- As cores (Gloria M. Roel 2010)

Amarelo, amarelo
amarelo é así
as que teñan
amarelo que se poñan
por aquí

Vermelliño, de vermello
seguro que algunha vai
as que teñan o vermello
que levanten unha man

O azul a cor do ceo
tamén é a cor do mar
as que leven algo azul
que se collan pola man

é o verde a cor do prados
das montañas e do val
as que teñan algo verde
teráanse que levantar

miles de cores temos ao redor
verde, amarelo, azul ou marrón

3.- VERSIÓN DAS CORES (2010)

Camiñando camiñando
pola rúa xunto a ti
se hai que facer o camiño
é moito mellor así

camiñando vou tocando
este ritmo musical
titiriti titiriti titiriti
tiritá

Mentras bailo vou cambiando
de instrumento e dirección
mentras bailo todos xuntos
tocamos nesta canción

4.- FAGO PALMAS (Gloria MR 2010)

Fago palmas mentras canto
Fago palmas ao cantar
Soan soan forte forte
E baixiño soarán
Salto salto mentras canto
Salto salto ao cantar
soa soa forte forte
E baixiño soará
Ando ando mentras canto
Ando ando ao cantar
Soa soa forte forte
E baixiño soará

5.- Entroido (Gloria M. Roel 2010)

Este entroido vou facer un disfraz de
bruxa
Sapos, mouchos e lerouchos vanme
acompañar
Este entroido vou facer un disfraz de
bruxa
Cos amigos sairei á rúa a bailar

Este entroido vou facer un disfraz de
...
Pola casa buscarei cousas que poñer
Este entroido vou facer un disfraz de
...
Pola rúa non me van a recoñecer

7.- A SEÑORA ARAÑA

Poema de Ana María Fernández.
En:¿Quen vive aquí?

A señora araña
Vive nun castelo
E nas altas torres
Fai o seu novelo.

A señor araña
Tece un camisón
Para o seu marido
Que é don arañón.

A señora araña
Tece un escarpín
Para o seu filliño
Que estudia latín.

Colgada na trabe
Tece a costureira.
isen usar agullas
fai canto ti queiras!

8.- BOS DÍAS (Gloria M. Roel 2009)

Bos días a todos
Imos empezar
Eu estou cantando
Ti botas a andar
Todos os camiños
Que vas a atopar
Sonche de aloumiños
Si cantando vas

Ai que ver que tempo
Empeza a chover
Abride os paraugas
Tapádevos ben
Coidado cós charcos
Vos ides mollar
Se non dades saltos
Ides enfermar

Somos moi moi grandes
E estricados hai que ir
Somos pequeniños
Non me fagas rir
Outra vez xigantes
Mais e moito máis
Somos pequeniños
Coma a irmá de Xan

Como bos amigos
Collidos das mans
Damos unha volta
Pero hai que bailar
Todos os camiños
Pon moita atención
Sonche de aloumiños
Con unha canción.

9.- ESTE TREN
(Gloria M. Roel. 2009)

Este tren
Vai pola via
Vai pola via

Este tren
Vai pola via
Pola via vai ben

Este tren
Vai saudando
Vai saudando
Vai saudando
Este tren
vai saudando
Todos se fixan nel

Este tren
Non fai ruído
Non fai ruído
Non fai ruído

Este tren
Non fai ruído
Pola via vai ben

Este tren
Colle mil curvas
Colle mil curvas
Colle mil curvas

Este tren
Colle mil curvas
Vai pola vía ben

Este tren
Corre que corre

...

Este tren
Colle mil baches

...

Este tren
Vai despaciño

....

10.- CANCIÓN PARA SENTARSE

ATENCIÓN, ATENCIÓN
TODOS TODAS ATENCIÓN

CADAQUEN Ó SEU LUGAR
QUE ESCOMENZA A CLASE XA
NA TÚA MESA POÑERÁS
LÁPIS, GOMA E DEMÁIS
ATENCIÓN, ATENCIÓN
CONTO CINCO, ATENCIÓN

CINCO DEDOS DUNHA MAN
CATRO PRIMOS E UN IRMÁN
CINCO DÍAS Á SEMÁN
TEMOS COLE TRAILARÁ
ATENCIÓN, ATENCIÓN
CONTO CINCO, ATENCIÓN

6.- OS DEDOS

O MAIS GORDO
O MAIS GORDO
ONDE ESTÁS?
AQUÍ ESTOU
GUSTO EN SAUDARTE
GUSTO EN SAUDARTE
XA ME VOU

O QUE INDICA
...

O MAIS GRANDE
...

O DO ANEL
...

O PEQUENO
...

Escoitada a : Mini e Mero

7.- Nós temos unha tía

Nós temos unha tía
Que vive por Padrón
Que cando está contenta
Toca o saxofón

ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ
ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ

Nós temos unha tía
Que vive en Culleredo
Que cando está contenta
Toca o violonchelo

ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ
ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ

Nós temos unha tía
Que vive por Marín
Que cando está contenta
Toca o violín

ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ
ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ

Nós temos unha tía
Que vive en boqueixón
Que cando está contenta
Inventa unha canción

ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ
ASÍ FAI CANDO TOCA
CANDO TOCA FAI ASÍ

8.- Eu movo

Eu movo a cabeza
eu toco a cintura
logo bato as mans
e ao final os pés

Eu toco as orellas
e tamén os ollos
logo bato as mans
e ao final os pés

Eu toco o pescozo
e tamén os brazos
logo bato as mans
e ao final os pés

Eu toco o cuiño
e tamén o peito
logo bato as mans
e ao final os pés

(Xogando coa música)

9.- Todos os días no meu xardín

Eu teño un galo no meu xardín
é moi pequeno e moi cantarín
cántame sempre o seu quiquiriquí

Eu teño un gato no meu xardín
é moi pequeno e moi mimosín
sempre miaña có seu miau, miau

teño un parrulo no meu xardín é moi
pequeno e moi patosín
cántame sempre o seu cuá, cuá

Eu teño un can no meu xardín
é moi pequeno e moi saltarín
ládrame sempre có seu guau, guau

Eu teño un peixe no meu xardín
é moi pequeno e moi saltarín
cántame sempre có seu glú, glú

Todos os días no meu xardín
os meus amigos cantan para min
por todas partes escoito cantar
quiquiriquí
miau, miau
cuá, cuá
guau, guau
glú,glú

PANXOLIÑAS

O zapatiño

Noite de Nadal
Chego á porta e bato
Vou deixar prendañas
No voso zapato.
No voso zapato
Na vosa pantufla.
Abride as cancelas
Que levo fartura!

Puxen o zapato
Aló no balcón
Caeulle na testa
Ao señor Ramón.

Puxen o zapato
A rentes do lume
Trincoumo a cadela
Sabíalle a fume.

Puxen o zapato
No tarro mellor
Murcharon as flores
Por aquel fedor.

Puxen o zapato
nun belo coxín
E que foi que me puxeron?
Uns tristes calcetíns!
Chora por min, Serafín!
Uns tristes calcetíns!

Gloria Sánchez

XA ME TARDAN

Xa me tardan estes Magos,
eu non sei onde andarán
sei que os viron camiñando
Polas rúas do Nepal

Onde andarán, non sei onde están.
Xa me tardan xa.
Onde andarán, non sei onde están
Xa – me – tardan – xaaaa.

Onde....

Sei que andan ocupados,
E non paran de dicir
que fagamos menos guerras
que si non deixan de vir

Onde....

Xa me tardan estes magos,
e iso que me portei ben.
din que os viron camiñando
polas rúas de Belén

Onde....

Xa me tardan estes Magos,
eu non sei onde andarán,
non pedin moitos regalos
para que cheguen para os demais

Onde....

Letra e música: Gloria M. Roel

IMOS BAILAR

Imos bailar
Con este **dedo**
Imos bailar
Con unha **man**
Imos bailar
Coa cabeza
Eu o que quero e vervos bailar

Imos bailar
Xa con dous dedos
Imos bailar
Coas dúas mans
Imos bailar
Todos de pé
Eu o que quero e vervos bailar

Imos bailar
Movendo os brazos
Imos bailar
De aquí para alá
Imos bailar dando unha volta
Eu o que quero e vervos bailar

Imos bailar
Con todo o corpo
imos bailar
de aquí para alá
imos bailar dando dando mil saltos
eu o que quero e vervos bailar

Letra e música: Gloria M. Roel (2009)